



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 2 DE MAIO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta e corenta minutos do día 2 de maio de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Raquel Duarte Núñez.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 18.04.2017)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 18 de abril de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

PUNTO 2.- BAIXA NO POSTO NÚM. 2 DO MERCADILLO DA GUARDA

Vista a proposta de Alcaldía de data 26 de abril de 2017 que literalmente di:

“Vista a instancia presentada por dona María Teresa Márquez Martínez, pola que solicita a baixa no posto núm. 2 do mercadillo da Guarda por motivos de saúde.

Por todo isto propónse á Xunta de Goberno:

PRIMEIRO: Acceder ao solicitado e comunicar ao departamento de Tesourería para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 3.- CONCEDER A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR ENTRANDO NA LISTA DE AGARDA

Visto o informe proposta da Traballadora Social, D^a SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, de data 19.04.2017 que literalmente di:

“En relación ao expediente relativo a solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Antecedentes:

Primeiro: Con data 13 febreiro del 2017, Dna. Marcolina González Lomba presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a Marcolina González Lomba entrando na lista de agarda segundo a puntuación acadada para a prestación do servizo de axuda no fogar.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 4.- CONCEDER A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe proposta da Traballadora Social, D.^a SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, de data 19.04.2017 que literalmente di:

“En relación ao expediente relativo a solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 10 marzo do 2017, Dna. Manuel Coballes Fuentes presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a Manuel Coballes Fuentes segundo a puntuación acadada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 5.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DE EVENTOS



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Vista a proposta de Alcaldía de data 28.04.2017, que literalmente di:

“Diferentes colectivos municipais solicitaron ante esta alcaldía a celebración de diferentes actos culturais no Auditorio ó aire libre de San Benito, que se detallan no ANEXO.

Tendo en conta a sentenza do *Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 07 de decembro de 2011 en relación á denuncia presentada por D^a ANTONIA BAZ GÓMEZ sobre a suspensión de todo tipo de evento na Praza de San Benito* e tendo coñecemento da normativa vixente en materia de rúidos.

Esta alcaldía valorou a incidencia acústica dos eventos relacionados en virtude da súa proxección cultural segundo se establece no **artigo 7 do Decreto 106/2015 de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia e no artigo 9 da Lei 37/2003 de 17 de novembro, do ruído**: “*con motivo de actos de especial proxección oficial cultural, relixiosa ou de natureza análoga, os concellos poderán adoptar as medidas necesarias que deixen en suspenso temporalmente o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica que sexan de aplicación*”

Polo que propónse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Autorizar a celebración dos seguintes eventos, en virtude da súa proxección cultural:

- Festival das Letras Galegas o 17 de maio de 2017 ás 17:30h.
- Festival Folclórico Luso Galaico o 24 de xuño de 2017 ás 20:30h.
- Festival de Baile Moderno de Xamaraina o 09 de xullo de 2017 ás 20:30h.
- Festival Encontro dos Pobos o 23 de xullo de 2017 ás 20h.
- Festival de Bandas de Música o 19 de agosto de 2017 ás 20:30h.

Deixando así en suspenso temporalmente o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica en conformidade co artigo 7 do *Decreto 106/2015 de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* e co artigo 9 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

SEGUNDO.- Dar traslado de dita resolución ó Hotel Convento de San Benito, ós interesados e a Policía Local.

ANEXO I

RELACIÓN DE SOLICITUDES PARA O USO DO AUDITORIO DE SAN BENITO CON REFERENCIA Á SÚA PROXECCIÓN CULTURAL

17 DE MAIO DE 2017 ÁS 17:30H.- FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS

Solicitado pola Agrupación Cultural Guardesa con R.E.: 2173 e DATA 12/04/17

A Agrupación Cultural Guardesa, constituída no ano 1982 realiza este evento dende fai máis de vinte anos. O seu obxectivo é por de relevo a cultura e tradicións galegas ó tempo que une a creación literaria co concurso de redacción que a asociación organizadora convoca entre tódolos escolares da vila.

Participan neste evento tódolos grupos de baile da localidade: Ballet Studio 88 (Asociación Studio 88), Grupo de Gaitas da 3^o Idade, A Boalleira (A Gándara), Citania (Solanas), A Ribeira do Miño (A Sangriña), Querindango (Goián), Chumbeira (A Guarda), Xamaraina, Agrupación Folclórica Vento Mareiro do Lusco ó Fusco, Os Pelouros, et. algún grupo invitado. No transcurso do Festival se realiza a entrega de premios do concurso de debuxo e redacción que a Agrupación realiza nos centros educativos, co gallo do Día das Letras Galegas.

O Auditorio de San Bieito é o único espazo que reúne as necesidades técnicas necesarias para o desenvolvemento deste tipo de eventos culturais, tanto polas dimensións do espazo escénico (100m²), capaz de albergar ós grupos de baile, como polo seu aforo (400 prazas). Motivo polo cal este evento se ven realizando neste espazo dende fai máis de vinte anos.

24 DE XUÑO DE 2017 ÁS 20:30H.-XIII FESTIVAL FOLCLÓRICO LUSO GALAICO.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Solicitado pola A.C. Grupo de Baile Xamaraina con R.E.: 865 e DATA 14/02/1

A Asociación Cultural Xamaraina creouse no ano 2003 coa intención de divulgar a música tradicional galega e o baile moderno. Desde o ano 2004 ven organizando de maneira ininterrompida os festivais de baile Luso-Galaico Xamaraina e o Baile Moderno Xamaraina. Na actualidade esta asociación conta con máis de 160 alumnas en diferentes disciplinas: pandeireta, baile tradicional galego, baile moderno e ballet.

O festival Luso-Galaico é un evento consolidado na programación cultural da Guarda, con máis dunha década de traxectoria. Nel se dan cita grupos folclóricos de diferentes partes de Galicia e Portugal, mostrando as diferentes tendencias e estilos folclóricos.

O Auditorio de San Benito é o único espazo municipal que reúne as necesidades técnicas necesarias para poder acoller este tipo de actuacións folclóricas, con grupos de ata 30 persoas e grandes coreografías. Sendo tamén o espazo con maior capacidade para público (400 prazas). É por isto que dito festival se ven realizando no Auditorio de San Bieito dende o ano 2004.

O festival que comeza as 20:30h. ten unha duración aproximada de hora e media

09 DE XULLO DE 2017 ÁS 20:30H.- XII FESTIVAL DE BAILE MODERNO DE XAMARAINA Solicitado pola A.C. Grupo de Baile Xamaraina con R.E.: 864 e DATA 14/02/17

A Asociación Cultural Xamaraina creouse no ano 2003 coa intención de divulgar a música tradicional galega e o baile moderno. Desde o ano 2004 ven organizando de maneira ininterrompida os festivais de baile Luso-Galaico Xamaraina e o Baile Moderno Xamaraina. Hoxe en día esta asociación conta con máis de 160 alumnas en diferentes disciplinas: pandeireta, baile tradicional galego, baile moderno e ballet.

Nesta edición do festival participarán un gran número de nenas da vila, tanto do propio grupo Xamaraina como dos diferentes colexios da vila. A representación de baile consiste na escenografía de diferentes épocas. Acuden como público, ademais dos interesados no baile moderno os pais e familiares das nenas integrantes O Auditorio de San Benito é o único espazo municipal que reúne as necesidades técnicas necesarias para poder acoller coreografías de baile, tanto polas dimensións do escenario como polo seu aforo: 400 prazas. O Salón de Actos do Centro Cultural, soamente dispón de 187 butacas e un escenario de 5x4 metros. Razón pola cal o Auditorio de San Bieito acolle o dito festival dende o ano 2004

23 DE XULLO DE 2017 A PARTIR DAS 20H.- XXIV FESTIVAL ENCONTRO DOS POBOS Solicitado polo Grupo de Baile e gaita Do Lusco ó Fusco con R.E.: 481 e DATA 27/01/17

O Grupo de gaitas e baile do Lusco ó Fusco é unha asociación adicada á representación e difusión do folclore galego no Baixo Miño. Fundado en 1985 ten participado en numerosos festivais internacionais (Portugal, Francia, Reino Unido, Italia, República Checa, Grecia, Romanía, Ucraína, Bélxica, Turquía, República Dominicana...). Dende o ano 1994 organiza o Festival Folclórico Encontro dos Pobos en tódolos concellos do Baixo Miño (Oia, Tomiño, Tui, O Rosal e A Guarda). O Festival ten un marcado carácter internacional, xa que participan grupos estranxeiros e doutras rexións de España, coas que se practica un intercambio folclórico.

O Auditorio de San Benito é o único espazo municipal que reúne as necesidades técnicas necesarias para poder acoller este tipo de actuacións folclóricas, tanto polas dimensións do escenario, capaz de acoller estes grandes grupos coas s as vestimentas e coreografías, como polo seu aforo de 400 prazas, que permite gozar do mesmo cunha grande afluencia da cidadanía guardesa e visitantes. O Salón de Actos do Centro Cultural, soamente dispón de 187 butacas e un escenario de 5x4 metros, onde é imposible celebrar un evento desta magnitude.

O Auditorio de San Benito ven acollendo esta celebración dende o seu orixe, no ano 1994.

22 DE AGOSTO A PARTIR DAS 20:30h. - X FESTIVAL DE BANDAS VILA DA GUARDA Solicitado pola Agrupación Musical da Guarda con R.E: 325 e data 20/01/2017

Concerto de bandas de música, no que participan bandas musicais procedentes de distintos lugares de Galicia, cos que se establecen intercambios musicais. A Banda de música



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

guardesa exerce de anfitriñoa.

Esta asociación guardesa data do ano 2001, cando os profesores do Conservatorio de Música e o Concello da Guarda deciden crear unha entidade para mellorar a formación en música clásica na localidade. Unha agrupación musical que acadou varios premios, entre eles o 2º premio no Certame Provincial de Bandas na 3º categoría, e conta co seguinte equipo de profesores:

Víctor Luís Alonso Treinta (vento-metal), José Antonio Soutelo Muñoz (ventomadeira), Guillermo Treinta Gómez (saxofón) e Adela Rial Pereira (percusión).

O Auditorio de San Benito é o único espazo que reúne as necesidades técnicas necesarias para actuacións de bandas de música, fundamentalmente polas polas dimensións do escenario. Non habendo na localidade ningún outro espazo capaz de albergar ós trinta ou cincuenta músicos que compoñen a banda cos diferentes instrumentos. Motivo polo cal este evento se celebra no Auditorio de San Bieito dende o ano 2007.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 6.- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CALENDARIO DAS NADAINAS 2017 E AS TAXAS CORRESPONDENTES PARA A PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

Dase conta á Xunta de Goberno Local do decreto de Alcaldía núm. 364 de data 27.04.2017, que literalmente di:

“A Concellería de Deportes e Patrimonio organiza catro andainas polo territorio galego e portugués dentro da actividade “ANDAINAS 2017” e a realización desta actividade implica uns gastos: o seguro de accidentes, o traslado en autobús e un detalle conmemorativo. Para facer fronte a estes gastos é preciso impor unha taxa por cada andaina e que terán que ser abonadas na conta bancaria do Concello polos participantes.

Vista a relación de gastos previstos para un total de 55 persoas que é a capacidade do autocar. E para calcular a taxa por andaina tívose en conta a participación media en anteriores andainas sendo de 50 persoas.

GASTOS 2.168,80 €

Seguro 257,55 €

Autocar 1.457,50 €

Bolsa cubremochila 453,75 €

INGRESOS PREVISTOS 2.150 €

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar do calendario das Andainas 2017 e as taxas correspondentes para a participación na actividade.

SEGUNDO: Aprobar do pago en dúas quendas. Os participantes t terán de prazo ata o 3 de maio para efectuar o pago das dúas primeiras andainas e ata o 8 de setembro para as dúas últimas.

CALENDARIO DAS ANDAINAS 2017

6 de maio ALLARIZ - AUGAS SANTAS (OURENSE)

3 de xuño POLA ILLA DE AROUSA

16 de setembro FORTALEZAS DO MIÑO (A GUARDA - CAMINHA)

7 de outubro LAGOAS DE BERTIANDOS E S. PEDRO D`ARCOS

TAXA

12 €

12 €

5 €

14 €

TERCEIRO: Dar conta desta decreto na seguinte Xunta de Goberno Local.”



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 7.- ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E Non habendo máis asuntos que tratar o sr, Presidente da por rematada a sesión ás 09.50 minutos do día da data, da que eu como secretaria dou fe.